



## **BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE BOLSAS ESCOLARES E AXUDAS PARA GASTOS DE GARDERÍAS INFANTÍS NO CURSO 2010-2011**

### **Exposición de motivos.**

O artigo 80 do capítulo II da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, refírese á compensación das desigualdades na Educación especificando que *“co fin de facer efectivo o principio de igualdade no exercicio do dereito á educación, as Administracións públicas desenvolverán accións de carácter compensatorio en relación coas persoas, grupos e ámbitos territoriais que se encontren en situacións desfavorábeis e proveerán os recursos económicos e os apoios precisos para iso..”*.

Máis concretamente, o artigo 83 da citada Lei, establece taxativamente que *“para garantir a igualdade a todas as persoas no exercicio do dereito á educación, os estudantes con condicións socioeconómicas desfavorábeis terán dereito a obter becas e axudas ao estudo. Na ensinanza posobrigatoria as becas e axudas ao estudo terán en conta ademais o rendemento escolar do alumnado...”*.

O acceso ó ensino é un dereito de toda a cidadanía, independentemente da súa situación económica e do seu lugar de residencia. Ao grande esforzo que lle supón ás familias a compra do material escolar, roupa, calzado, etc para os seus fillos e fillas, hai que engadirle os gastos de transporte no ensino posobrigatorio; gastos estes últimos, moi superiores pola nosa condición de concello rural.

O Concello, como Administración pública máis próxima á cidadanía, pode e debe poñer todos os recursos económicos dos que poida dispoñer para contribuír, mediante o establecemento de bolsas de estudos, aos gastos que lles supón ás familias o ensino dos seus fillos/as. O investimento na educación é sempre unha garantía de futuro para calquera sociedade.

Tamén debido a ausencia no noso Termo Municipal de garderías, tanto públicas como privadas, é preciso prestar axuda as persoas que teñen que recurrir a estes servizos co fin de conciliar a súa vida laboral e familiar.

Xa que logo, desde o Concello de San Sadurniño considérase necesaria a creación dun sistema regrado de bolsas escolares para estudantes do noso Concello, así como axudas directas as persoas que teñen que levar aos seus fillos a unha gardería.

### **ARTIGO 1. Obxecto**

O obxecto destas bases é o de regular a concesión de bolsas escolares por parte do Concello de San Sadurniño para o curso académico 2010-2011.

Para o financiamento deste programa de bolsas escolares establécese un crédito de contía máxima de 20.000 euros, recollidos na partida 3-48 do orzamento municipal para o 2011.



Desta cantidade, 15.000 euros serán para axudas a estudantes que cursen estudos posobrigatorios e serán distribuídas segundo o disposto nas presentes bases. Para axudas directas as persoas que teñen que levar aos seus fillos/as a unha gardería destinase a cantidade máxima de 3.000 euros e serán distribuídos segundo o establecido no artigo 9 destas bases. A cantidade restante (2.000 euros) será para atender posíbeis casos de situacións socioeconómicas especiais, previo informe social con proposta da cantidade e que serán valorados polo departamento municipal de benestar e igualdade.

### **ARTIGO 2. Beneficiarios/as**

Alumnos/as maiores de idade ou familias das que formen parte alumnos/as menores que cursen estudos posobrigatorios regrados (bacharelatos, ciclos formativos, estudos universitarios, etc., con exclusión dos estudos que requiran unha licenciatura universitaria, como masters e doutoramentos), en centros públicos fora do Concello de San Sadurniño e dentro do territorio de Galicia.

Pais e nais de nenos de idades entre 0 e 3 anos que acudan a garderías.

Persoas que se atopen en situacións socioeconómicas especiais, segundo a valoración que se realice polos servizos sociais do Concello.

### **ARTIGO 3. Requisitos dos beneficiarios/as**

- a) Estar matriculados no curso completo dos estudos que se realizan, agás no caso dos que fagan estudos universitarios que deberán estar matriculados, como mínimo, no 50% dos créditos do curso correspondente.
- b) Estar empadroad/a e con residencia efectiva no Concello de San Sadurniño desde antes da aprobación destas bases e durante o curso escolar ó que afectan.
- c) Que a renda anual da unidade familiar non supere os 18.000 euros.
- d) Estar ao corrente das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social, extremo que se comprobará de oficio polo propio concello.
- e) Non estar incurso en causa de prohibición para percibir axudas públicas.
- f) Idade máxima de 30 anos, na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

### **ARTIGO 4. Unidade familiar, renda anual da unidade familiar e nota media do curso anterior**

1. A efectos destas bases reguladoras considerarase unidade familiar o solicitante, os pais ou titores legais e os irmáns menores de 25 anos, ou maiores cunha minusvalía superior ao 33%, que convivan no mesmo domicilio. Para as axudas destinadas a sufragar gastos de garderías infantís considérase unidade familiar os pais ou titores legais e os irmáns menores de 25 anos, ou maiores cunha minusvalía superior ao 33% do neno/a que asiste á gardería e que convivan no mesmo domicilio.



2. A renda anual da unidade familiar será a suma dos ingresos obtidos polos membros da unidade familiar, que consten na correspondente declaración do IRPF do último exercicio ou na documentación indicada no artigo 8 das presentes Bases. A estes efectos tomaranse as cantidades consignadas na declaración como suma dos rendementos netos reducidos.
3. A nota media do curso anterior obterase calculando a media aritmética das calificacións numéricas que consten no expediente. Se as notas veñen expresadas como calificacións literais, considerarase a seguinte táboa de equivalencias para obter a media aritmética:

Non presentado/renuncia/non matriculado no curso anterior -	2
Suspenso/insuficiente -----	2,5
Aprobado -----	5
Ben -----	6
Notable -----	7,5
Sobresainte -----	9
Matricula de honra -----	10

#### **ARTIGO 5. Criterios de Valoración**

As solicitudes presentadas valoraranse tendo en conta os seguintes criterios:

- 1) Por nivel de renda, considerada segundo o establecido no apartado 2 do artigo 4:
  - De 0 a 3.499 euros, 16 puntos
  - De 3.500 a 4.499 euros, 15 puntos
  - De 4.500 a 5.499 euros, 14 puntos
  - De 5.500 a 6.499 euros, 13 puntos
  - De 6.500 a 7.499 euros, 12 puntos
  - De 7.500 a 8.499 euros, 11 puntos
  - De 8.500 a 9.499 euros, 10 puntos
  - De 9.500 a 10.499 euros, 9 puntos
  - De 10.500 a 11.499 euros, 8 puntos
  - 11.500 a 12.499 euros, 7 puntos
  - De 12.500 a 13.499 euros, 6 puntos.
  - De 13.500 a 14.499 euros, 5 puntos.
  - De 14.500 a 15.499 euros, 4 puntos.
  - De 15.500 a 16.499 euros, 3 puntos.
  - De 16.500 a 17.499 euros, 2 puntos.
  - De 17.500 a 18.000 euros, 1 punto.
  - De máis de 18.000 euros, 0 puntos

Por expediente académico, segundo a nota media definida no apartado 3 do artigo 4:

- De 0 a 4,99, 0 puntos.
- De 5 a 7,49, 2 puntos.



- De 7,5 a 10,5 puntos
- 2) Por número de membros da unidade familiar, segundo o establecido no apartado 1 do artigo 4:
  - 1 punto por cada membro da unidade familiar

#### **ARTIGO 6. Contía da bolsa**

A contía da bolsa será a cantidade resultante de multiplicar a suma do número de puntos obtidos de acordo co establecido no artigo anterior polo valor económico de cada punto, cun importe máximo de 600 Euros. O valor de cada punto obterase coa aplicación da seguinte fórmula:

$$Vp=15.000*/Np$$

Vp (Valor en euros de cada punto)

Np (suma dos puntos obtidos por todas as solicitudes)

Para a atención das solicitudes de axuda, o remanente que non se precise utilizar para financiar gastos de garderías infantís poderá acumularse ó importe disponible para a financiación de becas escolares, segundo acordo motivado que adoptará a Alcaldía ou a Xunta de Goberno.

\* Cantidade incrementada, no seu caso, segundo o establecido no segundo parágrafo deste mesmo artigo.

#### **ARTIGO 7. Solicitudes e prazo de presentación**

As solicitudes, asinadas polos propios beneficiarios ou polos seus representantes legais no caso dos menores de idade, deberán formularse no modelo que figura como ANEXO I a estas bases, e presentarse no Rexistro deste Concello até o día 31 de marzo de 2011.

#### **ARTIGO 8. Documentación que cómpre presentar**

- a) Impreso de solicitude, debidamente cumprimentado.
- b) Fotocopia do resgardo de matrícula escolar do solicitante da bolsa ou no seu defecto certificado do centro escolar no que estea matriculado.
- c) Plano de estudos oficial.
- d) Fotocopia da declaración da renda do último exercicio de todos os membros computables da unidade familiar.
- e) Nos casos nos que non exista obriga de presentar declaración do IRPF certificado de renda emitido pola AEAT. Certificado de ingresos e retencións do pagador das rendas exentas ou declaración xurada de non obtelas
- f) Certificación da conta bancaria onde se recibirá a bolsa.
- g) Certificado do expediente académico do curso anterior

#### **ARTIGO 9. Axudas para asistencia a garderías**



**San Sadurniño**

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

Consistirá nunha única axuda anual de 300 euros por fillo/a matriculado/a nunha gardería, que poderá solicitar en calquera momento do ano 2011 o pai, nai ou titor/a legal do neno/a. O concello poderá conceder até un máximo de dez axudas durante o ano.

Seran requisitos dos solicitantes os establecidos nos apartados b, c, d, e, do artigo 4 das presentes bases.

A documentación que haberá que presentar para acceder a estas axudas, ademais da solicitude formulada segundo Anexo II e debidamente asinada, será a establecida nos apartados a, d, e, f, do artigo 9 destas bases, así como o certificado de matrícula emitido pola gardería.

Estas axudas abonaranse tal e como se establece no artigo 11 unha vez presentadas no concello, por parte do solicitante, facturas da gardería por importe, como mínimo, do dobre da axuda concedida. No caso de non xustificar ese importe, deducirase a parte proporcional da axuda.

#### **ARTIGO 10. Concesión.**

Unha vez rematado o prazo de presentación, os servizos técnicos do Concello procederán á valoración dos expedientes.

De seguido, o expediente cos informes pertinentes e propostas de resolución serán fiscalizados polo Interventor municipal, e a resolución corresponderá á Xunta de Goberno Local.

Unha vez resolta, notificarase ós solicitantes a puntuación que lles corresponda. Contra esta resolución poderanse interpor reclamacións durante un prazo de 15 días naturais. Finalizado este prazo, e resoltas as posibles reclamacións por parte do mesmo órgano que a ditou, confeccionarase a relación definitiva.

#### **ARTIGO 11. Pagamento.**

O pagamento das axudas realizarase, pola cantidade correspondente, ao solicitante, mediante transferencia bancaria ao seu nome no número de conta que conste na solicitude.

San Sadurniño, febreiro de 2011.

O Alcalde,

Secundino García Casal

**ANEXO I**



**(SOLICITUDE BOLSA PARA ESTUDOS POSOBRIGATORIOS)**

**Datos do/a solicitante**

Apelidos.....Nome.

.....

DNI.....Enderezo.....

.....Teléfono.....

Beneficiario/a da bolsa .....

Estudos que realiza no curso 2010/2011.....

Centro                                donde                                esta                                matriculado/a.....

.....

Nota media do curso anterior (según artigo 5.3 destas bases).....

Número                                de                                conta                                bancaria.....

.....

**Persoas que compoñen a unidade familiar** (según artigo 5 destas bases)

Nome e apelidos	Parentesco	idade	Ingresos anuais

En San Sadurniño, a ..... de.....de 2011.

Asinado: O/A solicitante

**SR.ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO**

Aos efectos da Lei Orgánica 15/1999, infórmase de que os seus datos persoais son obxecto de tratamento nun ficheiro cuxa finalidade é a xestión e administración da base de datos de solicitudes do Concello de San Sadurniño, que como responsable de dito ficheiro, comprométese, na utilización dos datos incluídos, a respectar a súa privacidade e a empregalos de acordo coa súa finalidade, ademais de garantir o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación e cancelación. A presentación desta solicitude implicará a autorización ao Concello para obter da AEAT os datos necesarios para determinar o nivel de renda, así como aquelas outras informacións acreditativas das situacións persoais alegadas e que esten en poder de algunha Administración Pública.



**ANEXO II**

**(SOLICITUDE AXUDAS PARA GARDERIAS INFANTÍS)**

**Datos do/a solicitante**

Apelidos.....Nome.....  
.....DNI.....Enderezo.....  
.....  
.....Teléfono.....

Beneficiario/a da bolsa  
.....

Gardería donde esta matriculado/a o neno/a.....  
Número de conta bancaria.....  
.....

**Persoas que compoñen a unidade familiar (según artigo 5 destas bases)**

Nome e apelidos	Parentesco	idade	Ingresos anuais

En San Sadurniño, a ..... de.....de 2011.

Asinado: O/A solicitante

**SR.ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO**

Aos efectos da Lei Orgánica 15/1999, infórmase de que os seus datos persoais son obxecto de tratamento nun ficheiro cuxa finalidade é a xestión e administración da base de datos de solicitudes do Concello de San Sadurniño, que como responsable de dito ficheiro, comprométese, na utilización dos datos incluídos, a respectar a súa privacidade e a empregalos de acordo coa súa finalidade, ademais de garantir o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación e cancelación. A presentación desta solicitude implicará a autorización ao Concello para obter da AEAT os datos necesarios para determinar o nivel de renda, así como aquelas outras informacións acreditativas das situacións persoais alegadas e que esten en poder de algunha Administración Pública.